



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA O CONCELLO DE MOS PARA A MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DA URBANIZACIÓN DE SAN ELEUTERIO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude do establecido na súa Disposición transitoria primeira e no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, modificado polos Decretos 177/2016, do 15 de decembro e 106/2018, do 4 de outubro, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Mos, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2019 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o ano 2019 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación.

No apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, modificado polos Decretos 177/2016, do 15 de decembro e 106/2018, do 4 de outubro, atribúeselle á Consellería a competencia para realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

En relación co anterior, unha das liñas de actuación da Consellería consiste na colaboración cos concellos para a mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, para aumentar e elevar a variedade e os niveis de servizos destinados a proporcionar unha oferta de calidade axeitada ás necesidades da poboación, fomentando deste xeito o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma. Polo tanto, atendendo á finalidade da actuación, considerase que forma parte das liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda definidas no xa citado artigo 10.1 m) do Decreto 167/2015, do 13 de novembro.





4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Mos, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Mellora da pavimentación da urbanización de San Eleuterio”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Mos trata de promover unha actuación consistente na **“Mellora da pavimentación da urbanización de San Eleuterio”**.

A actuación sitúase no ámbito dun grupo de vivendas residenciais de protección autonómica (VPA) en bloque aberto con catro alturas. Existen áreas deste polígono aínda non desenvolvidas, pero a rede viaria está perfectamente definida e urbanizada.

O núcleo urbano de San Eleuterio está situado no centro do Concello, na parroquia de Tameiga. Trátase dun solo residencial do Plan Parcial de Solo Urbanizable Residencial San Eleuterio aprobado o 15 de xullo de 1992 por parte de la Comisión Provincial de Urbanismo

As actuacións a levar a cabo consisten no seguinte:

- a) Eliminación de especies de plantas invasoras
- b) Eliminación de especies de árbores debido á presenza de fungos
- c) Plantación de arbustos en parterres
- d) Plantación especies vexetais arbóreas de gran porte
- e) Instalación de rego automático
- f) Substitución de bancos existentes
- g) Protección e creación de rutas peonís

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, María Encarnación Rivas Diaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Documento asinado dixitalmente

